



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

BASES PARA A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN NA OFICINA DE TURISMO DE PONTE CALDELAS

NORMATIVA.-

O Concello de Ponte Caldelas solicitou unha subvención ó abeiro das bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais, destinadas a bolsas de colaboración para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra durante o ano 2011, publicadas no boletín oficial de Pontevedra de data 29 de outubro de 2010.

O Consello reitor do Organismo autónomo local "Turismo Rías Baixas", en sesión celebrada o 22/12/2010, acordou conceder ó Concello de Ponte Caldelas unha subvención correspondente ó 50% do importe bruto que abone o Concello ao/á bolseiro/ha seleccionado/a, correspondendo ao Concello abonar o outro 50% do citado importe.

As presentes bases teñen por obxecto seleccionar o/a beneficiario/a da bolsa de colaboración para a realización das tarefas de información na oficina de Turismo de Ponte Caldelas.

A condición de bolseiro/a no xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Ponte Caldelas. Os titulares da bolsa serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Ponte Caldelas, e sen que implique a devandita axuda económica unha contraprestación dos traballos que eventualmente se realicen.

A concesión da bolsa tampouco dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Os beneficiarios/as das bolsas comprométese, asimesmo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estadísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento da súa actividade.

As funcións das bolseiros/as serán entre outras: facilitar información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade, así como calquera outra información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante, actuacións que se desenvolverán a modo de prácticas na Oficina de Turismo do Concello.

REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Además dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para poder optar á condición de becario con cargo as axudas concedidas en base a esta convocatoria, deberá ser membro dun país da Unión Europea e residente en España, e estar en posesión do título de **Diplomado en Turismo ou equivalente, ou Técnico Superior de Información e Comercialización Turística, no momento da convocatoria de selección. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2002 ou con posterioridade a esta data.**

Os títulos obtidos no extranxeiro ou en centros españois non estatais deberán ser validados ou recoñecidos.

Non poderán optar á condición de bolseiro/a quenes teñan disfrutado de mais dunha bolsa ou beca de turismo outorgada polo Concello de Ponte Caldelas.

DURACIÓN.-

A duración da citada bolsa é de 6 horas diarias durante 181 días repartidos ó longo do ano 2011 segundo o seguinte:



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

- Abril(9 días):16,17,19,20,21,22,23,24 e 30
- Maio(26 días):1,3,4,5,6,7,8,10,11,12,13,14,15,17,18,20,21,22,24,25,26,27,28,29e31
- Xuño(26días):1,2,3,4,5,7,8,9,10,11,12,14,15,16,17,18,19,21,22,23,24,25,26,28,29 e 30
- Xullo(27días):1,2,3,5,6,7,8,9,10,12,13,14,15,16,17,19,20,21,22,23,24,25,27,28,29,30,31
- Agosto(26días):2,3,4,5,6,7,9,10,11,12,13,14,16,17,18,19,20,21,23,24,25,26,27,28,29e30
- Setembro(26días):1,2,3,4,6,7,8,9,10,11,13,14,15,16,17,18,20,21,22,23,24,25,27,28,29 e 30
- Outubro(13 días):1,2,8,9,10,11,12,15,16,22,23,29 e 30
- Novembro(8días): 5,6,12,13,19,20,26e 27
- Decembro(20días):3,4,5,6,7,8,10,11,17,18,19,20,21,22,23,26,27,28,29 e 30

DOTACIÓN DA BOLSA.-

A dotación da citada bolsa é de 45 euros por día de realización das tarefas de información turística, sendo obxecto da correspondente retención do rendemento ó traballo, estipuladas legalmente.

PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo Concello no rexistro xeral durante o prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no xornal seleccionado ó efecto e da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello; empezando a computar o prazo a partir da última das publicacións referidas. Asemesmo, publicarase na páxina web do concello. Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 30/1992 de 26 de novembro. No caso de que a instancia non se presente directamente no Rexistro Xeral do Concello de Ponte Caldelas, o/a aspirante deberá dirixir por Fax, ó 986750020 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as. A documentación que deberán aportar os solicitantes da bolsa é a seguinte:

- a) Impreso de solicitude debidamente cumprimentado
- b) Fotocopia compulsada do D.N.I
- c) Curriculum vitae
- d) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas para o mesmo periodo e de non ter disfrutado de mais dunha bolsa ou beca de turismo otorgada polo Concello de Ponte Caldelas en anos anteriores.
- e) **Fotocopia compulsada do título e do expediente académico.**
- f) Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración Pública relacionados coas materias obxecto desta convocatoria.
- g) Certificación ou fotocopia compulsada dos títulos en idiomas de centros especializados; debendo detallarse, no seu caso, as notas acadadas.
- h) Certificados de coñecemento da lingua galega: Curso de Iniciación ou Celga 3 e Curso de Perfeccionamento ou Celga 4.

BAREMO DE MERITOS:

A selección dos bolseiros efectuarase mediante valoración dos méritos acreditados polos interesados segundo o seguinte baremo:

1.- Méritos académicos - ata un máximo de 10 puntos

- Expediente académico dos **Diplomados en Turismo**, tendo en conta a nota media:
 - Matrícula de honra: 5 puntos
 - Sobresaiute: 4 puntos
 - Notable: 3 puntos
 - Ben: 2 puntos
 - Aprobado: 1 punto
- Expediente académico para os **Técnicos Superiores de Información e Comercialización Turística**, tendo en conta a nota media:
 - Matrícula de honra: 2,5 puntos
 - Sobresaiute: 2 puntos
 - Notable: 1,5 puntos
 - Ben: 1 punto
 - Aprobado: 0,5 puntos
- Por ter asistido a **cursos de formación e perfeccionamento** impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria – ata un máximo de 2 puntos
 - Master ou Postgrado (relacionado co sector turístico): 1 punto
 - Cursos segundo sexan por horas ou por créditos:

DURACIÓN / HORAS	PUNTOS
100 ou máis horas	0.25 puntos
De 60 a 99 horas	0.20 puntos
De 30 a 59 horas	0.15 puntos
De 10 a 29 horas	0.10 puntos
9 ou menos horas	0.05 puntos
DURACIÓN / CREDITOS	PUNTOS
10 ou máis créditos	0.25 puntos
De 6 a 9 créditos	0.20 puntos
De 3 a 5 créditos	0.15 puntos
De 1 a 5 créditos	0.10 puntos

No suposto de que **non se acredite a duración dos cursos**, serán valorados a razón de 0.05 puntos.

- **Coñecemento de Idiomas** – ata un máximo de 2,50 puntos e serán computables un máximo de dous idiomas, a razón de un máximo de 1,25 puntos cada idioma.
 - No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos.
 - No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial o baremo será o seguinte:

Nivel Básico	Nivel Medio	Nivel Avanzado
0.75 puntos	1 punto	1.25 puntos

- **Coñecemento acreditado do idioma galego:** ata un máximo de 0.50 puntos (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación):

Curso de iniciación ou Celga 3 0.25 puntos

Curso de Perfeccionamento ou Celga 4 0.50 puntos

2.- Entrevista curricular: se o tribunal a considera necesaria, que versará sobre o coñecemento do posto de traballo, traxectoria profesional e o, no seu caso, ata un **máximo de 2 puntos**.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, o Concello publicará una lista de admitidos e excluídos ó proceso selectivo. Coa publicación desta lista fixarase o día e hora na que se realizará a entrevista curricular.

Con carácter previo á realización da entrevista curricular, a Comisión seleccionadora avaliará a documentación acreditada dos méritos presentados dacordo co establecido nestas bases.

RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.-

Rematada a valoración dos méritos e a entrevista, o tribunal formulará unha proposta completa dos/as aspirantes con maior puntuación obtida e a persoa seleccionada á Alcaldía ó obxecto de que por esta se proceda á resolución de concesión o aspirante que obtivese una maior puntuación.

No caso de que se produza a renuncia por parte da persoa que resulte adxudicataria, o Concello procederá ó nomeamento do/a seguinte petionario/a que obtivese a segunda maior puntuación e así sucesivamente.

COMISIÓN SELECCIONADORA.-

A Comisión seleccionadora que terá como función a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes, facer a entrevista e propor á Alcaldía o/a aspirante mais idóneo/a para a súa selección, estará integrado polas seguintes persoas:

- **Presidente:** Axente de emprego e Desenvolvemento Local.
- **Vocal:** Coordinador Sociocultural/Informador Xuvenil do Concello.
- **Vocal:** Educadora familiar do Concello.
- **Vocal:** Técnico do Padroado de turismo "Rías Baixas".
- **Secretario- Vocal:** Secretario do Concello ou funcionario en quen delegue.

O Tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza alomenos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e o Secretario e queda facultado para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación das mesmas.



Ponte Caldelas, 31 de marzo de 2011

O Alcalde

Perfecto Rodríguez Muñíos



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PARA A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACION NA OFICINA DE TURISMO DE PONTE CALDELAS

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

ENDEREZO:

TELEFONO:

En relación coas bases para a concesión dunha bolsa de colaboración para a realización de tarefas de informacion na oficina de turismo de ponte caldelas, de data 30 de marzo de 2011,

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria.
- Non solicitou nin se lle concederon outras axudas ou bolsas por parte de ningunha outra administración pública ou privada.
- Non ter disfrutado de mais dunha bolsa ou beca de turismo otorgada polo Concello de Ponte Caldelas en anos anteriores

Ponte Caldelas, a de de 2011

DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE

1.-A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.

2.-Fotocopia compulsada do D.N.I.

3.-Currículum Vitae

4.-Fotocopia compulsada do título e do expediente académico.

5.-Fotocopia compulsada de **diplomas acreditativos** de asistencia a cursos impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración Pública relacionados coas materias obxeto desta convocatoria.

6.-Certificación ou fotocopia compulsada dos **títulos en idiomas** de centros especializados; debendo detallarse, no seu caso, as notas acadadas.

7.-Certificados de **coñecemento da lingua galega**: Curso de Iniciación ou Celga 3 e Curso de Perfeccionamento ou Celga 4.

